

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

ORDE do 26 de xullo de 2011 pola que se convoca á participación con actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito dos Camiños de Santiago 1.ª fase. Programa de áreas de rehabilitación integral do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

O Decreto 402/2009, do 22 de outubro, constitúe o marco normativo polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012.

O seu artigo 4.2.º establece que: «as subvencións deste decreto, con cargo a axudas finalistas do Estado xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia e que figuren nos seus orzamentos xerais, así como as que se financian con fondos propios da comunidade autónoma, estarán sometidas á normativa reguladora das subvencións públicas e, en concreto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Este decreto establece as bases reguladoras destas subvencións de acordo co procedemento do artigo 19.2.º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia».

O punto 5 do mesmo artigo, dispón que: «se exceptúan do sinalado no punto 3 os programas de áreas de rehabilitación integral, de áreas de renovación urbana e de axudas para a erradicación do chabolismo que, segundo o previsto nos artigos 48.3.º, 52.3.º e 56.2.º do Real decreto 2066/2008, se financiaran mediante acordos de colaboración no marco das comisións bilaterais de seguimento do plan, coa participación dos concellos en cuxo termo municipal se sitúe a actuación, acordos que determinarán a aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os créditos para esta finalidade con cargo aos que serán atendidas as devanditas axudas e o importe máximo das axudas que se poderán outorgar dentro de cada exercicio orzamentario».

O día 29 de abril de 2011, no seo da Comisión Bilateral asinouose o acordo específico de financiamento da área de rehabilitación integral (ARI) dos Camiños de Santiago que, pola súa especificidade, ao abranguer a múltiples concellos das catro provincias, se xestiona directamente polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), polo que corresponde

publicar esta convocatoria de actuacións que poderán ser subvencionadas no marco da 1.^a fase desta ARI.

Á vista do anterior, e para dar cumprimento ao disposto nos artigos 41 e seguintes do Decreto 402/2009, en canto regulan o programa de ARI, e aos compromisos asumidos con base no convenio de financiamento asinado co Ministerio de Fomento para esta 1.^a fase e, en virtude das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta orde ten por obxecto proceder á convocatoria dunha primeira fase (1.^a fase) de actuacións de rehabilitación de vivendas, promovidas por persoas físicas ou comunidades de propietarios, en execución do acordo asinado entre o Ministerio de Fomento e o Instituto Galego da Vivenda e Solo da Xunta de Galicia (IGVS) o 29 de abril de 2011 para a ARI dos Camiños de Santiago declarada o 17 de decembro de 2010.

2. Esta convocatoria encádrase dentro da programación que o IGVS prevé para o Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, programa-obxectivos 2010, concretándose Esta convocatoria para 573 actuacións en número de vivendas que se van rehabilitar, susceptibles de ampliación de permitilo os recursos que aquí se autorizan.

3. As bases reguladoras foron aprobadas mediante o Decreto 402/2009, do 22 de outubro, publicado no *Diario Oficial de Galicia* n.º 217, do 5 de novembro de 2009.

Para o non previsto nesta convocatoria e nas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o reglamento da Lei 9/2007 e supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2. *Ámbito das actuacións.*

Poderán participar nesta convocatoria as persoas físicas individualmente ou colectivamente a través dunha comunidade de propietarios, que pretendan facer rehabilitacións en vivendas e edificios de vivendas que estean situadas/os no ámbito da Área de Rehabilita-

ción Integral (ARI) dos Camiños de Santiago, de acordo coa relación que figura no anexo I e que está integrada por:

O Camiño Francés: desde Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela

Camiño da Plata I: desde A Mezquita ou Verín ata Ourense.

Camiño da Plata II: desde Ourense ata Santiago de Compostela.

Camiño Inglés: desde Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela.

Camiño Primitivo: desde A Fonsagrada ata Melide, onde conecta co Camiño Francés.

Camiño Norte: desde Ribadeo ata Arzúa, onde conecta co Camiño Francés.

Camiño Portugués: desde Tui a Santiago de Compostela.

Camiño de Fisterra-Muxía: desde Santiago de Compostela ata Fisterra con desvío a Muxía.

Consideraranse dentro do ámbito todas as parroquias polas que discorren os diferentes camiños coas seguintes excepcións:

- a) Non se inclúen as vivendas que figuren en ARI xa declaradas pola Xunta de Galicia.
- b) Nas conexións coas cidades e aldeas importantes, delimítase o ámbito ao trazado do camiño exclusivamente.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias das subvencións.*

1. Unha vez obtida a cualificación definitiva e determinado o gasto subvencionable, de acordo co artigo 45 do Decreto 402/2009, poderán obter subvencións as persoas promotoras das actuacións, cuxas vivendas ou edificios de vivendas estean situadas no ámbito da ARI dos camiños de Santiago e, cumpran ademais os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Cando as actuacións de rehabilitación fosen executadas colectivamente a través dunha comunidade de propietarios, poderán acadar a condición de beneficiarios das subven-

cións as persoas físicas, titulares das vivendas, partícipes da dita comunidade en función da súa cota de participación nas anteditas actuacións.

Artigo 4. *Solicitudes.*

1. A persoa promotora interesada en participar nesta convocatoria, deberá presentar unha solicitude, segundo os modelos normalizados que figuran como anexos, acompañados da documentación que se especifica para cada caso.

2. As solicitudes deberán ir dirixidas á Área Provincial do IGVS que, por razón da situación da vivenda rehabilitada, corresponda. Preferentemente deberán presentarse nas oficinas de rexistro do IGVS, podendo facelo tamén nos rexistros de calquera outro órgano das administracións que teñan subscrito o oportuno convenio ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A presentación da solicitude comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente solicite de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos. No caso de que non se puidesen obter de oficio, requirirase ao interesado a súa presentación. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións indicadas.

4. De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 402/2009, as solicitudes tramitaranse en réxime de concorrencia non competitiva.

Artigo 5. *Documentación.*

1. Coa solicitude de cualificación provisional das actuacións, anexo II, deberá acompañarse a seguinte documentación:

a) Anexo V de autorizacións e declaracións debidamente formalizado e asinado. No caso de non outorgar as referidas autorizacións, achegarase fotocopia compulsada do DNI do solicitante así como a documentación acreditativa dos ingresos e de estar ao día nas súas obrigas tributarias e sociais cos organismos correspondentes.

b) Declaración responsable da unidade familiar, segundo modelo anexo, para os efectos da solicitude das axudas de vivenda e autorización para solicitar por vía telemática as acreditacións relativas a ingresos e débedas, anexo VI.

- c) Documentación acreditativa da titularidade do inmovible ou dun dereito real sobre este.
- d) Documentación acreditativa do destino da vivenda. No suposto de que a vivenda se destine a aluguer, copia cotexada do contrato e xustificación do depósito da fianza no IGVS.
- e) Documentación acreditativa da antigüidade da vivenda e/ou edificio, de acordo co disposto no artigo 46.1 c) do Real decreto 2066/2008.
- f) Plano-esbozo da situación da vivenda e planos de distribución.
- g) Fotografías en cor de todas as fachadas e do exterior da edificación ou edificacións nas que se pretenda actuar. No suposto de obras no interior das vivendas, fotografías en cor de todas as estancias nas que se vaia actuar.
- h) No suposto de que as obras afecten á distribución do inmovible, deberán achegarse planos que recollan a modificación que se pretende acometer.
- i) Informe do concello de que a vivenda/edificio que se van a rehabilitar está situado nunha parroquia ou no trazado dos Camiños de Santiago e, se é o caso, non está incluída noutra área de rehabilitación declarada.
- j) Memoria das actuacións de rehabilitación ou, se é o caso, proxecto técnico debidamente tramitado.
- k) Anexo III de obras debidamente formalizado no que se resuman as actuacións por tipos e se indique o ano previsto de finalización das obras.
- l) Para o caso de comunidades de propietarios achegarase unha relación dos partícipes na rehabilitación segundo o modelo anexo IV a esta convocatoria.
2. Coa solicitude do recoñecemento do dereito a obter o préstamo convido de acordo co modelo anexo VII a esta convocatoria, presentarse ademais a seguinte documentación:
- a) Para o suposto de partícipes nunha comunidade de propietarios, a documentación acreditativa da titularidade do inmovible ou dun dereito real sobre este.
- b) Documentación acreditativa do destino da vivenda. No suposto de que a vivenda se destine a aluguer, copia cotexada do contrato e xustificación do depósito da fianza no IGVS.

c) Autorización para consultar os datos de identidade ou, de non outorgala, fotocopia compulsada do DNI do solicitante.

d) Anexo V de autorizacións e declaracións debidamente formalizado e asinado. No caso de non outorgar as referidas autorizacións, achegarse fotocopia compulsada do DNI do solicitante así como a documentación acreditativa dos ingresos e de estar ao día nas súas obrigas tributarias e sociais cos organismos correspondentes.

3. Coa solicitude de cualificación definitiva e concesión de subvención, anexo VIII, ou anexo XI para o caso de que o promotor sexa a comunidade de propietarios e neste último caso, xa solicitada a cualificación definitiva, a solicitude de concesión de subvención solicítase individualmente cada partícipe (anexo XII), deberán achegarse os seguintes documentos:

a) Anexo X de autorizacións e declaracións de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario dunha subvención, de non ter solicitada ou concedida ningunha outra axuda para as mesmas actuacións, así como de estar ao día nas súas obrigas tributarias e sociais cos organismos correspondentes, debidamente formalizado e asinado. No caso de non outorgar as referidas autorizacións, achegarse documentación acreditativa de cumprir coas referidas condicións.

b) Licenza municipal de obras, na que deberán figurar, polo menos, as actuacións para as que se solicita a cualificación.

c) No seu caso, informes e autorizacións preceptivas que deban emitirse pola conselleira de Cultura e Turismo.

d) Declaración de que as obras están realizadas e se axustan á licenza.

e) De ser o caso, certificación final de obras asinada polo técnico competente.

f) Se é o caso, certificado das instalacións: térmicas, eléctricas, posta en marcha de ascensor, etc. tramitados ante a Consellería de Economía e Industria.

g) Plano de situación das vivendas.

h) Fotografías en cor das actuacións realizadas.

i) Certificación da entidade de crédito de ter aberta ao seu nome unha conta na que desexe que se realice o pagamento.

j) Se é o caso, certificación da entidade de crédito conforme concedeu o préstamo convido ao abeiro do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

k) Copias compulsadas das facturas e xustificantes de pagamento, de acordo co establecido no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo a relación anexa á solicitude.

l) Memoria económica: relación de facturas e pagamentos segundo modelo anexo IX.

Para o caso de que o promotor fose unha comunidade de propietarios, a documentación das letras a), i) e j) deberá ser presentada individualmente polos partícipes coa súa solicitude de subvención específica.

Artigo 6. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes para participar nesta convocatoria e optar á cualificación provisional de actuacións protexibles, abrírase desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 1 de decembro de 2011, ambas as dúas datas incluídas.

Artigo 7. Procedemento de tramitación das solicitudes.

1. O procedemento iníciase por instancia da persoa promotora das actuacións de rehabilitación, interesada en participar na 1.^a fase de actuacións no ARI dos Camiños de Santiago, coa presentación da solicitude de cualificación provisional das actuacións a executar.

2. Xunto coa solicitude da cualificación provisional, a persoa promotora das actuacións poderán solicitar, condicionado á obtención da cualificación provisional, o recoñecemento do dereito a obter préstamo convenido de acordo co previsto no artigo 48.5 do Real decreto 2066/2008. Se a persoa promotora é unha comunidade de propietarios, estas solicitudes deberán ser tramitadas por cada un dos membros da comunidade que participan na promoción e que así o desexen.

3. Á vista do expediente, o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas resolverá concedendo ou denegando a cualificación provisional. Na reso-

lución de cualificación provisional indicárase o programa ao que se acollen as actuacións, o tipo de actuacións protexidas, a antigüidade da vivenda ou edificio, e destino da vivenda que se vai rehabilitar, o cumprimento do requisito de ingresos, de ser o caso, así como o orzamento máximo protexible e o prazo outorgado para a execución das obras. No suposto de promoción pola comunidade de propietarios, relacionaranse, en documento anexo á cualificación provisional, os requisitos de destino así como orzamento protexible que lle correspondan segundo o grao de participación nas obras dentro da comunidade.

4. Non se poderán cualificar provisionalmente máis actuacións que as previstas no artigo 1.2 desta convocatoria. En caso de haber máis solicitudes, aplicarase o criterio de prioridade pola entrada das solicitudes tendo en conta a data e a hora de entrada no rexistro.

5. Unha vez rematadas as obras, dentro do prazo establecido na resolución de cualificación provisional e, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o seu remate, a persoa promotora deberá solicitar a cualificación definitiva e a concesión da subvención correspondente. No suposto de actuacións promovidas por unha comunidade de propietarios, as solicitudes de concesión de subvencións deberán presentarse por cada un dos participantes na promoción que sexan membros da antedita comunidade xunto coa solicitude de cualificación definitiva e a documentación xustificativa do pagamento das obras que sexa presentada polo representante da comunidade de propietarios.

6. O IGVS, á vista da documentación presentada, comprobará a execución das actuacións e o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ditará a resolución concedendo ou denegando a cualificación definitiva. Na resolución de cualificación definitiva, indicárase a persoa promotora, o número de vivendas que participan no programa, o tipo de actuacións executadas e o orzamento protexible.

7. Se as solicitudes ou a documentación presentada non reunisen os requisitos exixidos, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de dez días hábiles, emende ou xunte os documentos preceptivos advertíndolle que, no caso de non completar o citado requirimento, se terá por desistida da súa petición, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. Non obstante, o Instituto Galego de Vivenda e Solo poderá solicitar cantos documentos considere necesarios para ditar resolución.

Artigo 8. *Gasto subvencionable.*

1. Considérase gasto subvencionable o orzamento da actuación que figure na cualificación definitiva emitida polo correspondente xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sempre que se xustifique o seu efectivo pagamento, de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. No suposto de que a cantidade xustificada sexa inferior ao orzamento da cualificación definitiva, o gasto subvencionable coincidirá co que resulte efectivamente xustificado e pagado.

3. Para o caso de que a persoa promotora beneficiaria obtivese o préstamo convido, a suma do préstamo obtido e da subvención concedida non poderá exceder do gasto subvencionable.

Artigo 9. *Contía das subvencións.*

1. Unha vez coñecido o gasto subvencionable e de acordo co artigo 48.6 a) do Real decreto 2066/2008, poderá concederse unha subvención, con cargo a fondos finalistas do Ministerio de Fomento, do 40% do orzamento protexido co límite máximo de 5.000 euros por vivenda resultante da actuación.

2. Adicionalmente e de acordo co establecido no artigo 46 a) do Decreto 402/2009, poderá concederse unha subvención, con cargo a fondos propios do IGVS, do 40% do orzamento protexido co límite máximo de 5.000 euros por vivenda resultante da actuación.

Artigo 10. *Resolución das subvencións.*

1. Outorgada a cualificación definitiva das actuacións, o IGVS procederá a completar o expediente determinando o gasto subvencionable e resolvendo, se é o caso, a concesión de subvención de acordo co establecido no artigo 44 do Decreto 402/2009 e procederá ao seu pagamento mediante transferencia bancaria. No suposto de actuacións promovidas pola comunidade de propietarios, a resolución de subvención que solicite cada partícipe da comunidade de propietarios realizarase en función do gasto subvencionable e da súa cota de participación respectiva que figure na cualificación provisional outorgada para as actuacións.

2. Unha vez completado o expediente e analizado este, así como feitas as comprobacións oportunas, e emitido o certificado acreditativo da verificación do cumprimento de

requisitos polo beneficiario, o/a xefe de área provincial do IGVS elevará a proposta de resolución e pagamento de cada expediente ao titular da Dirección Xeral do IGVS, quen, á vista delas e tendo en conta o límite orzamentario establecido nesta orde, resolverá o que segundo en dereito proceda.

3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de dous meses de acordo co artigo 7 do Decreto 402/2009. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, os interesados que solicitasen as subvencións convocadas por esta orde poderán entender desestimada a súa solicitude, de acordo co establecido na disposición adicional 1.^a do Decreto 402/2009.

4. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 7 do Decreto 402/2009.

Artigo 11. *Pagamento das subvencións.*

1. O pagamento das subvencións aos beneficiarios farase mediante transferencia bancaria, á conta que para o efecto sinale o beneficiario.

2. A cualificación definitiva terá a consideración de memoria de actuación xustificativa do cumprimento para os efectos do previsto no artigo 48 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 12. *Reintegro da subvención.*

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, levará consigo, ademais das sancións que puidesen corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis o 25%, segundo establece o artigo 34 da Lei de subvencións de Galicia, salvo que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

2. Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

3. O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 13. *Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras subvencións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O/A director/a xeral do IGVS, ou persoa en quen delegue, por proposta da xefatura da área provincial ditará resolución expresa, debidamente motivada, na que figure o motivo da modificación da resolución de concesión ou da perda do dereito á subvención comunicándolle ao interesado a obriga de devolver as cantidades anteriormente percibidas en concepto de subvención.

3. Contra a resolución da Dirección Xeral do IGVS poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto no artigo 7 do Decreto 402/2009.

Artigo 14. *Compatibilidade e incompatibilidade.*

1. Estas axudas son compatibles coas previstas no Decreto 44/2011, do 10 de marzo, polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas no ámbito rural, histórico e dos camiños de Santiago.

2. Esta subvención é incompatible coas axudas establecidas para o programa Renove do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012.

3. A suma das axudas financeiras estatais e as que se recollen nesta orde, así como as doutras administracións ou organismos públicos que correspondan, non poderá superar o 75% do orzamento protexido das actuacións, de acordo co establecido no artigo 75 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.

Artigo 15. *Publicidade.*

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas no devandito rexistro, así como as sancións impostas, de ser o caso.

2. De conformidade co artigo 13.4.º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na administración pública galega, e o artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, este organismo publicará na súa páxina web oficial e no *Diario Oficial de Galicia*, a relación dos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios para efectos das citadas publicacións.

3. Os datos de carácter persoal relacionados coa solicitude, e solicitados no correspondente impreso de solicitude de subvencións, integraranse nun programa informático de carácter permanente, á disposición do IGVS, para os únicos efectos de tramitación da solicitude, extracción de informes estatísticos e o cumprimento das obrigas recollidas neste artigo. A negativa a formalizar calquera dos datos solicitados no impreso de solicitude suporá a imposibilidade de continuar coa tramitación da solicitude.

Artigo 16. Deber de colaboración e facultade de inspección.

1. As persoas beneficiarias ademais de cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, están obrigadas a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Cuentas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. Desde o momento da presentación da solicitude poderanse realizar todas as inspeccións ou comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados ou o destino da subvención concedida.

Artigo 17. Crédito orzamentario e contía.

As subvencións concederanse con cargo ao crédito que figura consignado para esta finalidade nos orzamentos de gastos do Instituto Galego da Vivenda e Solo para 2012 e 2013, na aplicación orzamentaria 07 90 451A 780.4 para familias e institucións sen fins de lucro, cos seguintes límites máximos:

Proxecto 201100026 dotado con fondos finalistas do Estado 1.432.500,00 euros con cargo á anualidade 2012 e 1.432.500,00 euros con cargo á anualidade 2013.

Proxecto 200600392 dotado con fondos propios do IGVS 1.432.500,00 euros con cargo á anualidade 2012 e 1.432.500,00 euros con cargo á anualidade 2013.

Disposición adicional

Delégase no/a director/ra xeral do IGVS, a competencia para resolver sobre a ampliación das contías aquí establecidas, producindo os seus efectos logo da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o reglamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como para modificar mediante resolución, os anexos a esta convocatoria.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2011.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conseleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

ANEXO I

| Traxecto | Provincia | Concello | Parroquia afectada | Ámbito específico |
|-------------------|-----------|-----------------|------------------------|-------------------|
| Camiño da Prata I | Ourense | A Gudiña | A Gudiña | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | A Gudiña | Carracedo da Serra | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | A Gudiña | O Canizo | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | A Gudiña | Parada da Serra | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | A Gudiña | Pentes | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | A Gudiña | San Lourenzo de Pentes | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | A Mezquita | A Vilavella | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | A Mezquita | O Pereiro | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Allariz | Allariz (Santiago) | trazado do camiño |
| Camiño da Prata I | Ourense | Allariz | Allariz (Santo Estevo) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Allariz | Augas Santas | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Allariz | Coedo | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Allariz | Folgoso | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Allariz | Meire | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Allariz | Os Espiñeiros | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Allariz | Torneiros | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Baños de Molgas | Cantoña | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Castrelo de Val | Campobeceros | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Castrelo de Val | Nocedo do Val | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Castrelo de Val | Parada da Serra | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Castrelo de Val | Portocamba | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Cualedro | Atás | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Cualedro | Rebordondo | Toda a parroquia |

| Traxecto | Provincia | Concello | Parroquia afectada | Ámbito específico |
|-------------------|-----------|----------------------|----------------------|-------------------|
| Camiño da Prata I | Ourense | Laza | A Alberguería | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Laza | Laza | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Laza | Matamá | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Laza | O Castro de Laza | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Laza | Retorta | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Laza | Trez | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Monterrei | Albarelos | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Monterrei | Estevesiños | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Monterrei | Infesta | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Monterrei | Monterrei | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Monterrei | Vences | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Oimbra | Rabal | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Ourense | Ourense | trazado do camiño |
| Camiño da Prata I | Ourense | Ourense | Rairo | trazado do camiño |
| Camiño da Prata I | Ourense | Ourense | Seixalbo | trazado do camiño |
| Camiño da Prata I | Ourense | Paderne de Allariz | Cantoña | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Paderne de Allariz | Couciero | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Riós | Fumaces e Trepá | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Riós | O Navallo | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Riós | Riós | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Riós | Trasestrada | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | San Cibrao das Viñas | Noalla | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | San Cibrao das Viñas | Santa Cruz de Rábeda | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Sandiás | Couso de Limia | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Sandiás | Piñeira de Arcos | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Sandiás | Sandiás | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Sarreaus | Codosedo | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Sarreaus | Paradiña | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Taboadela | Santiago de Rábeda | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Trasmiras | Abavides | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Trasmiras | Lobaces | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Trasmiras | Trasmiras | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Trasmiras | Vila de Rei | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Trasmiras | Zas | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | A Rasela | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Abedes | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Cabreiroá | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Feces de Abaixo | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Mandín | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Mourazos | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Pazos | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Queirugás | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Tamagos | Toda a parroquia |

| Traxecto | Provincia | Concello | Parroquia afectada | Ámbito específico |
|--------------------|------------|------------------------|------------------------------------|-------------------|
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Tamaguelos | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Verín | Verín | trazado do camiño |
| Camiño da Prata I | Ourense | Vilar de Barrio | Bóveda | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Vilar de Barrio | Padrera | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Vilar de Barrio | Vilar de Barrio | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Vilardevós | Fumaces e Trepá | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Vilariño de Conso | Veigas de Camba | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Xinzo de Limia | Boado | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Xinzo de Limia | Xinzo de Limia | trazado do camiño |
| Camiño da Prata I | Ourense | Xunqueira de Ambía | A Abeleda | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Xunqueira de Ambía | Armariz | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Xunqueira de Ambía | Bobadela A Pinta | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Xunqueira de Ambía | Sobradelo | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata I | Ourense | Xunqueira de Ambía | Xunqueira de Ambía | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | A Coruña | Boqueixón | Lestedo (Santa María) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | A Coruña | Boqueixón | Sergude (San Breixo) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | A Coruña | Santiago de Compostela | Santiago Compostela | trazado do camiño |
| Camiño da Prata II | A Coruña | Vedra | Ponte Ulla (Santa María Magdalena) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | A Coruña | Vedra | Ribadulla (Santa Cruz) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | A Coruña | Vedra | Sales (San Fiz) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | A Coruña | Vedra | Sales (San Xíán) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | A Coruña | Vedra | Vilanova (San Pedro) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Amoeiro | Bóveda (San Paio) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Coles | Cambeo (San Estevo) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Coles | Gustei (Santiago) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Ourense | Tramo saída Ourense hacia Santiago | trazado do camiño |
| Camiño da Prata II | Ourense | Piñor | A Canda (San Mamede) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Piñor | Barrán (San Xoan) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Piñor | Carballeda (Santa María) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Piñor | Desterro (Santa María) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | San Cristovo de Cea | Castrelo (San Ciprián) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | San Cristovo de Cea | Cea (San Cristovo) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | San Cristovo de Cea | Pereda (Santa Eulalia) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | San Cristovo de Cea | Vilaseco (San Miguel) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | San Cristovo de Cea | Viña (San Román) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Vilamarín | Boimorto (Santa Baia) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Vilamarín | Sobreira (San Xoan) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Ourense | Vilamarín | Tamallancos (Santa María) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | A Estrada | Arnois (San Xiao P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | A Estrada | Castro (San Miguel P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | A Estrada | Loimil (Santa María P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | A Estrada | Oca (Santo Estevo P.) | Toda a parroquia |

| Traxecto | Provincia | Concello | Parroquia afectada | Ámbito específico |
|-------------------------|------------|-----------|--------------------------------|-------------------|
| Camiño da Prata II | Pontevedra | A Estrada | Orazo (San Pedro A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Dozón | La O (San Salvador P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Dozón | Maceiras (San Remigio A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Dozón | Sanguíñedo (Santa María) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Dozón | Vidueiros (Santa María P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Bendoiro (San Miguel P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Botos (San Xoán P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Catasos (Santiago A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Donsion (Santa Eulalia A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Filgueira (Santa María A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Moneixas (San Adrián P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Prado (San Martiño A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Soutolongo (Santa María P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Vilanova (San Xoán P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Lalín | Xesta (San Pedro Felix A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Cerbaña (San Salvador P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Chapa (San Ciprián A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Cira (Santa Eulalia A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Dornelas (San Martín P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Lamela (San Miguel A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Magaride (San Pedro Félix A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Manduas (San Tirso P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Moalde (San Mamed P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Negreiros (San Martín P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Piñeiro (San Julián P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Rellas (San Martín P.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Siador (San Miguel A.) | Toda a parroquia |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Silleda (Santa Eulalia P.) | trazado do camiño |
| Camiño da Prata II | Pontevedra | Silleda | Taboada (Santiago P.) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Ames | Agrón (San Lourenzo) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Ames | Ames (Santo Tomás) | trazado do camiño |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Ames | Covas (San Esteban) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Ames | Lens (San Paio) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Ames | Transmonte (Santa María) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Cee | A Ameixenda (Santiago) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Cee | A Pereiriña (San Xián) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Cee | A Toba (Santo Adrán) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Cee | Brens (Santa Baia) | Toda a parroquia |
| Camiño Fisterra e Muxía | A Coruña | Cee | Cee (Santa María da Xunqueira) | trazado do camiño |
